



Resolución do 7 de setembro de 2026 do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, pola que se acorda realizar o pagamento dos mutuos acordos por expropiación para a obra: Glorieta no punto quilométrico 15+470 da AC-418 (Malpica), de clave AC/23/089.06, no concello de Malpica de Bergantiños.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu proceder a efectuar o pagamento dos mutuos acordos dos bens e dereitos afectados pola obra Glorieta no punto quilométrico 15+470 da AC-418 (Malpica), de clave AC/23/089.06, no concello de Malpica de Bergantiños, que figura exposto no taboleiro de anuncios do concello.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria a quen figura como titular no expediente. No suposto de cambio na titularidade da propiedade que figura no expediente, deberán achegar documentación que acredite a transmisión da propiedade e DNI do novo titular.

A contía a pagar será o resultado de deducir do prezo xusto o importe correspondente ao depósito previo. Para proceder ao pagamento, os titulares dos bens e dereitos afectados deben proporcionar un certificado de titularidade da conta bancaria co número de conta completo (incluído IBAN e BIC) dentro dos dez (10) días hábiles, no que todos os propietarios figuren conxuntamente como titulares. No caso de que no devandito período non se proporcione a documentación, a transferencia aos titulares non se poida levar a cabo e/ou a propiedade dos bens e dereitos afectados non se acredite suficientemente, o importe do prezo xusto depositarase na Caixa Xeral de Depósitos.

A documentación requirida debe presentarse por calquera dos seguintes medios: nas oficinas de asistencia en materia de rexistros, nas oficinas postais dirixidas ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, 2-8ª planta, 15071 A Coruña), mediante presentación electrónica na dirección <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 7 de setembro de 2026

O Xefe do Servizo Provincial da Coruña
Felipe de la Vega Gándaras

